



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 9 de febreiro de 2022**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 2 de xaneiro de 2022.
2. Acórdase a modificación dos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de 07/08/2019 solicitada por D. Eusebio Villegas González representado por Dna. Alba Aguite Iglesias con rexistro de entrada neste Concello en data de 11/11/2021, de licenza de parcelación de finca matriz cunha superficie de 947,00 m², situada en Aguite - Seixo, segundo proxecto modificado redactado pola arquitecta técnica Alba Aguite Iglesias, visado polo correspondente colexio profesional en data 10/11/2021
3. Acórdase a Aprobación do proxecto técnico das obras de “Sistema de sustentación en Cividanes”.
4. Acórdase solicitar unha subvención, por importe de 185.493,65 euros, IVE incluído, con cargo á liña 1 “Investimentos” do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, con destino ao financiamento da obra “Sistema de sustentación en Cividanes”.
5. Acórdase solicitar unha subvención ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2022, para o proxecto denominado Mellora e renovación do alumeadado público exterior de Seixo.
6. Dáse conta da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se establecen as bases reguladoras do procedemento de concesión de subvencións dirixidas ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e se convocan para o ano 2022
7. Dase conta da Resolución do Instituto Galego Vivenda e Solo, de 19 de xaneiro de 2022 (DOG nº 26 de 8-02-2022) pola que se convocan distintas liñas de subvencións para actuacións de rehabilitación para o ano 2022.
8. Dase conta das bases da Consellería de Política Social das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014- 2020.
9. Acórdase o inicio do expediente de contratación para a “CREACIÓN DE UNA PLATAFORMA SMART MOBILITY PARA FAVORECER UNA

1 de 2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AB4B500K6J0E1J0C5R2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SE001-018
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 14/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/02/2022 12:15:37	Fecha: 03/02/2022 Hora: 12:43 Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E6000AB4B500K6J0E1J0C5R2





MOVILIDAD MÁ S EFICIENTE”, actuación cofinanciada pola Unión Europea a través do FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL (FEDER) cunha taxa de cofinanciación do 80%, no marco do Eixe 12 do Programa Operativo Plurirexional de España 2014-2020 e, máis concretamente, da estratexia de desenvolvemento urbano sostible integrado (EDUSI) do Concello de Marín.

10. Acórdase deixar sobre a mesa o Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e Concello de Marín para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDAE NÚM. FEDER-EELL-2020-004631 “SISTEMAS SOSTIBLES DE XESTIÓN DE AUGAS I”
11. Adóptase o acordo de Adxudicación do contrato da obra “Humanización da contorna do mercado municipal de Seixo, Marín (Pontevedra).
12. Adóptase o acordo de ampliación do prazo de execución do contrato das obras contempladas no proxecto “Substitución da impermeabilización e do pavimento de praza pública, nivel superior”, por un prazo dun mes a contar dende a finalización da anterior ampliación de dous meses.
13. Rogos e preguntas. Non se formulan

A ALCALDESA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000AB4B500K6J0E1J0C5R2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2022SE001-018
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 14/02/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/02/2022 12:15:37	Fecha: 03/02/2022 Hora: 12:43 Und. reg: REGISTRO GENERAL

